

MARCO / DIDÁCTICA

“UN BO LUGAR”

Obradoiro conducido por Din Matamoro

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

En colaboración con AFAGA. Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia

Destinatarios: persoas usuarias de AFAGA e público infantil de 7 a 12 anos

Número de participantes: 7 + 7/8 (máximo 15 en total)

Lugar: salas de exposición e Espazo Anexo/Laboratorio das Artes

Sesións: 4 sesións de 2h de duración

Datas: martes 7, xoves 9, martes 14, xoves 16 decembro

Horario: de 16.30 a 18.30

Colabora:



Obra Social "la Caixa"

Obxectivos

- A arte como ferramenta terapéutica, como reflexión individual e como vía de socialización
- Contacto interxeracional: sensibilización, responsabilidade, coidados, respecto mutuo
- Contribuír ao envellecemento activo, en función dos perfís individualizados de cada usuario (cada vez máis heteroxéneos), da súa traxectoria vital e intereses

Contidos

A proposta ten como punto de partida a exposición **DIN MATAMORO. A mirada acesa**, producida polo MARCO, que actualmente se exhibe nas salas do primeiro andar.

<http://www.marcovigo.com/content/din-matamoro-mirada-acesa>

Cada xornada comenza cun percorrido polas salas de exposición, e continúa cunha actividade/obradoiro no Espazo Anexo / Laboratorio das Artes.

PROGRAMACIÓN / SESIÓNS

[Nota: dado que se trata dunha proposta experimental, os contidos das sesións poden variar en función das necesidades, da resposta do grupo e do propio ritmo e desenvolvemento do obradoiro.]

XORNADA 1 (martes 7 decembro)

“Cor-luz”

Percorrido por salas frontais:

Fío condutor: percepción da cor. Cores en movemento. O tempo e o movemento. A orixe e a fonte da cor. Detémonos ante os cadros de Din Matamoro. Fixamos a mirada, abrimos e pechamos os ollos. Contamos os segundos. Intentamos identificar as cores que van aparecendo ante a nosa mirada. De onde ven esa luz? Son cadros estáticos, ou móvense? Cantos tipos de amarelo, de laranxa, de vermello, somos quen de percibir?

Obradoiro/actividade: utilizamos pintura acrílica branca e flúor para facer experimentos a partir dun monocromo. Mezclamos cores e conseguimos veladuras, matices, xogando con tonalidades cálidas e máis frías, ata que aparecen sorpresas... en forma de luz.

XORNADA 2 (xoves 9 decembro)

“Liñas vivas”

Percorrido por Galería B3:

Fío condutor: a liña curva nos debuxos a lapis, no colaxe, no carbón, nas formas. O azar. Xogamos con cordóns de zapatos, tirándoos ao chan e observando as liñas resultantes sen unha intención figurativa, só fixándonos na beleza e a forma de cada liña en si. Intentamos atarnos os cordóns mutuamente, nos brazos, nos zapatos. Diante da obra *Enciclopedia. A metade da memoria* falamos das liñas curvas e dos contidos destes libros nos que textos e imaxes están semiborradas.

Obradoiro/actividade: trazamos liñas curvas utilizando distintos materiais e técnicas, dun xeito inconsciente, azaroso, mesmo pechando os ollos e deixándonos levar pola música que soa de fondo (Bach, Debussy, Stravinsky, Haydn...). Experimentamos con liñas intanxibles e sen forma definida: o vento, o aire, a brisa / os reflexos do sol na auga / unha carta sen letras.

XORNADA 3 (martes 14 decembro)

“Formas animadas”

Percorrido por Galería B3:

Fío condutor: compartimos imaxes de Din Matamoro nas que, mediante o filtro da súa mirada, obxectos inanimados (unha froita, unha prenda de roupa, unha bolsa, unha folla de árbore, unha herba...) se convirten en seres vivos (aves, insectos, outros animais).

Obradoiro/actividade: traemos ao taller exemplos de froitas, bolsas de plástico, follas, anacos de madeira, con “posibilidades”. Cada participante elixe e busca as súas formas preferidas. Cando as “descobre”, cando aparecen, fotografiámolas e asinámolas.

XORNADA 4 (xoves 16 decembro)

“Un bo lugar”

Percorrido por salas frontais e Galería B3:

Fío condutor: percorremos de novo as salas e retomamos a visita da 1ª xornada. Como cambiou a nosa mirada, a nosa percepción? Que descubrimos? Que máis cousas podemos dicir da cor, da liña?

Obradoiro/actividade: recortamos varios folios/cartolinas (brancas por unha cara, e flúor pola outra) con liñas curvas, sen recortalas totalmente, mantendo o rectángulo/cartolina inicial. Superpoñémolas, combinámolas e encaixámolas (mínimamente) dándolles forma tridimensional. Colocámolas sobre as paredes de cristal do Anexo, de xeito que parezan suspendidas no aire.

Contacto Comunicación y Didáctica

Marta Viana Tomé

comunicacion@marcovigo.com

Tel. 986 113908 / 113900

Contacto Taquilla

Amaya Martínez Randulfe

recepcion.marco@gmail.com

Tel. 986 113900 extensión 100

Horario taquilla: de martes a sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00. Domingos de 11.00 a 14.30